

Primeiro. Publicar na páxina web corporativa a puntuación acadada pola persoa aspirante na resolución do suposto práctico formulado no segundo exercicio, que se realizou o día 15 de decembro e que foi a seguinte:

Nome e apelidos	DNI	Cualificación 2º exercicio
Marina Irene Lorenzo Santalucía	***5265 **	14,36 puntos

De acordo co establecido na base 6.1.1, a puntuación mínima para superar o exercicio establécese en 7,5 puntos e, por tanto, a aspirante superou o segundo exercicio.

Segundo. Declarar que a persoa aspirante está exenta da realización do terceiro exercicio ao acreditar que posúe o curso Celga 4, segundo se establece na base 6.1.1

Terceiro. Ao superar os dous exercicio e estar exenta da realización do terceiro, a aspirante superou a fase de oposición. A cualificación acadada na fase de oposición é de 26,36 puntos, como resultado da suma das cualificacións do primeiro e segundo exercicio.

Cuarto. Publicar a puntuación da fase de oposición no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Quinto. Conceder un prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que a persoa aspirante faga as alegacións que xulgue oportunas ante o tribunal.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2023
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do tribunal

4. Informaci3ns e correcci3ns de erros

4.1. Informaci3ns

VALEDOR DO POBO

Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de decembro de 2023, pola que se ordena a publicaci3n no *Boletín Oficial do Parlamento* da Resoluci3n do 28 de novembro de 2023 pola que se aproban as bases xerais para a adscripci3n, polo sistema de concurso de m3ritos, de persoal das administraci3ns p3blicas a postos de traballo vacantes na relaci3n de postos de traballo da instituci3n do Valedor do Pobo

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reuni3n do d3a 4 de decembro de 2023, tivo coñecemento do escrito da valedora do pobo polo que solicita que se proceda a publicaci3n no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da Resoluci3n do 28 de novembro de 2023 pola que se aproban as bases xerais para a adscripci3n, polo sistema de concurso de m3ritos, de persoal das administraci3ns p3blicas a postos de traballo vacantes na relaci3n de postos de traballo



da institución do Valedor do Pobo (doc. núm. 62752) e acordou a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

Resolución da valedora do pobo, do 28 de novembro de 2023, pola que se aproban as bases xerais para as convocatorias para a adscrición, polo sistema de concurso de méritos, de persoal das administracións públicas a postos de traballo vacantes na relación de postos de traballo da institución do Valedor do Pobo.

Pola Resolución do 27 de xullo de 2021 (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 182, do 6 de agosto) aprobáronse as bases xerais que se utilizarán nos procedementos de provisión por concurso dos postos de traballo da relación de postos de traballo da institución do Valedor do Pobo.

Na súa aplicación práctica detectáronse distintos aspectos, relativos tanto ao procedemento de desenvolvemento como aos méritos que se valoran, que se considera necesario mellorar, co fin de achegar claridade neles e de que permitan seleccionar o persoal en adscrición aos postos de traballo da institución que reúna a experiencia e a formación adecuada aos postos ofertados.

Na reunión coas organizacións sindicais máis representativas no ámbito da función pública de Galicia, que trasladaron os detalles das súas propostas, que tivo lugar o 6 de outubro de 2023, informouse da proposta das Normas reguladoras das bases xerais.

Por todo o anterior, en virtude das competencias que me outorga o artigo 7 do Regulamento de organización e funcionamento da institución, aprobado pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia, con data do 16 de xaneiro de 2018,

RESOLVO:

Aprobar as bases xerais para as convocatorias para a adscrición, polo sistema de concurso de méritos, de persoal das administracións públicas a postos de traballo vacantes de persoal funcionario na Relación de postos de traballo da institución do Valedor do Pobo.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios para valorar os méritos acreditados polas persoas aspirantes nas convocatorias para a adscrición, polo sistema de concurso de méritos, a postos vacantes na Relación de postos de traballo da institución.

A valoración dos méritos das persoas aspirantes será realizada tendo en conta as características dos postos ofertados, que se especificarán na respectiva convocatoria, así como a posesión dun determinado grao persoal, o traballo desenvolvido noutros postos, os cursos de formación



e perfeccionamento acreditados e a antigüidade das persoas aspirantes, consonte os criterios que se detallan a seguir.

2. Os postos de traballo vacantes, catalogados para a adscrición mediante o procedemento de concurso de méritos, serán convocados para o persoal funcionario de carreira de calquera administración pública, dentro do período máximo de tres meses, contados a partir da data en que se produzan as ditas vacantes, consonte o establecido nestas bases.

Artigo 2. Requisitos para a participación

Poderán participar nos procedementos de adscrición todas aquelas persoas que reúnan a condición previa de persoal funcionario de carreira de calquera administración pública.

As persoas solicitantes só poderán ser adscritas a aqueles postos para cuxo desempeño reúnan os requisitos establecidos na Relación de postos de traballo da institución vixente no momento da convocatoria.

Artigo 3. Valoración dos méritos

Os méritos alegados deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de cada convocatoria.

Os méritos que non estean en poder da institución serán acreditados coa seguinte documentación:

— Os servizos prestados noutras administracións públicas, e tamén os dereitos de conciliación exercidos nese período, mediante a certificación da unidade de persoal do organismo correspondente. Xuntamente co certificado, achegarase a documentación acreditativa dos méritos reflectidos nel debidamente compulsada, entre a cal estará o nomeamento como persoal funcionario de carreira ou como persoal funcionario interino.

— Os cursos de formación, mediante a certificación ou a presentación do orixinal ou a copia compulsada do documento acreditativo de telo realizado e onde debe figurar o número de horas de duración do curso.

Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido neste punto ou as que, en calquera caso, non xunten a documentación acreditativa dos méritos reflectidos na certificación.

1) Antigüidade e experiencia profesional por servizos prestados en administracións públicas ou en órganos constitucionais ou estatutarios

A antigüidade será valorada por anos de servizo. Diferenciarase a puntuación en función dos corpos ou escalas en que se prestase o servizo, atendendo ao seguinte baremo:

a) 0,40 puntos por ano completo de servizos prestados como persoal funcionario en corpos ou escalas do mesmo nivel de titulación ou superior a aquel en que se atope clasificado o posto a que se opta.



b) 0,20 puntos por ano completo de servizos prestados como persoal funcionario en corpos ou escalas de inferior nivel de titulación a aquel en que se atope clasificado o posto a que se opta.

Esta puntuación será asignada porcentualmente aos períodos inferiores a un ano, cunha duración mínima de 1 mes.

A puntuación máxima por antigüidade será de 12 puntos.

1) 2) *Cursos de formación e perfeccionamento*

Serán valorados como mérito os cursos de formación, impartidos ou recibidos, cunha duración mínima de 8 horas e organizados ou promovidos polo Valedor do Pobo e polas escolas oficiais de formación do Estado e das comunidades autónomas; os cursos organizados e/ou impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e os cursos organizados e/ou impartidos polas organizacións sindicais, sempre que estivesen homologados ou acreditados polos órganos de formación das administracións públicas, atendendo á seguinte distribución:

a) Cursos sobre réxime xurídico, actividade contable e actividade financeira das administracións públicas e dos órganos constitucionais e estatutarios, xestión e contratación administrativa, persoal, políticas públicas e procedementos comunitarios (UE), administración electrónica, informática, protección de datos, calidade administrativa, atención á cidadanía, arquivo, linguaxe administrativa, comunicación, organización do traballo, mellora de habilidades e coñecementos transversais: 0.01 puntos por cada hora de formación, ata un máximo de 2 puntos por curso.

Puntuación máxima neste apartado: 4 puntos.

b) Cursos en materia de igualdade e violencia de xénero: 0.01 puntos por cada hora de formación, ata un máximo de 2 puntos por curso.

Puntuación máxima neste apartado: 3 puntos.

c) Cursos en materia de transparencia, prevención de riscos laborais, seguridade e saúde laboral: 0.01 puntos por cada hora de formación, ata un máximo de 2 puntos por curso.

Puntuación máxima neste apartado: 2 puntos.

d) Por estar en posesión de título de coñecementos dunha lingua estranxeira, acreditada segundo o Marco europeo común de referencia para as linguas (MERC): 0.5 puntos para a titulación máxima que se posúa en cada idioma.

Puntuación máxima neste apartado: 1 punto.

Os cursos unicamente poderán ser valorados nun apartado.

Para os efectos da puntuación neste apartado, serán valoradas as probas de avaliación de carácter libre organizadas por escolas oficiais de formación do Estado e das comunidades autónomas, ao



consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos por aquelas.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e semellantes, módulos ou partes integrantes dun curso, materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica, cursos de doutoramento e cursos que formen parte dos procesos de selección de persoal funcionario.

Non se valorarán cursos en que non figure o número de horas de duración, cursos sobre normativa que estea derogada tres anos antes da data da publicación da convocatoria nin cursos sobre aplicacións ou sistemas informáticos que, pola súa obsolescencia, deixasen de ser utilizados nas administracións públicas ou nos órganos constitucionais e estatutarios.

A puntuación máxima por cursos de formación e perfeccionamento será de 10 puntos.

3) Grao persoal

Polo nivel 10 de grao consolidado, recoñecido e formalizado: 1 punto. Por cada unidade de nivel que exceda de 10: 0,15 puntos.

No suposto en que as persoas concursantes non teñan recoñecido ningún grao persoal ou este sexa inferior a 10, outorgarase 0.5 puntos.

A puntuación máxima no apartado de grao persoal será de 4 puntos.

4) Grao de coñecemento do idioma galego

Será valorada a formación especializada en idioma galego, coa seguinte cualificación:

A) Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: 1,5 puntos.

B) Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 3 puntos.

A puntuación máxima no grao de coñecemento do idioma galego será de 3 puntos.

5) Traballo desenvolvido

Só se computará o traballo desenvolvido coa condición de funcionario ou funcionaria nos distintos subgrupos.

A determinación da puntuación será realizada a partir da suma das puntuacións parciais obtidas no desempeño de un ou de máis postos de traballo deste ou diferente nivel de destino, como consecuencia de aplicar a seguinte fórmula.



Traballo desenvolvido = $(T1 \times P1 + T2 \times P2 + \dots + Tn \times Pn)$

na cal:

— «Ti» amosa o tempo total de traballo desenvolvido nun nivel de destino concreto (i) expresado en meses (teranse en conta meses de 30 días).

— «Pi» amosa a puntuación asignada ao nivel de destino (i), segundo o seguinte criterio:

-Polo nivel de destino 10: 0,001 puntos.

-Por cada unidade de nivel de destino que exceda de 10: 0,001 puntos.

A puntuación máxima no apartado de traballo desenvolvido será de 2 puntos.

6) *Exercicio de dereitos de conciliación*

Valorarase o exercicio dos dereitos de conciliación exercidos nos cinco anos anteriores á data de publicación da convocatoria do concurso, do seguinte xeito:

1. Permiso por parto, por adopción ou por acollemento: 0,20 puntos.
2. Permiso como proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, por garda co fin de adopción, por adopción ou por acollemento dun fillo: 0,20 puntos.
3. Redución de xornada polo exercicio de dereitos de conciliación: 0,02 puntos por mes.
4. Excedencia para o coidado de fillos ou fillas e familiares: 0,04 puntos por mes.
5. Ter a cargo menores de doce anos e persoas dependentes ou con discapacidade: 0,5 puntos.
6. Para acceder aos postos situados na localidade onde radique o posto de traballo do cónxuxe ou da parella de feito, sempre que o solicitante non teña destino definitivo nesa mesma localidade: 0,5 puntos.

Esta circunstancia será xustificada documentalmente, xunto coa solicitude de participación no concurso mediante a seguinte documentación:

a) O certificado de matrimonio ou a acreditación de ser parella de feito.

b) O certificado do departamento de persoal ou de vida laboral mediante a achega do certificado expedido polo xefe ou pola xefa de persoal do centro directivo onde o cónxuxe ou a parella de feito preste servizos, no cal conste que é empregado ou empregada pública; o posto que ocupa e a localidade en que o posto radique (funcionarios/as públicos/as); o certificado de vida laboral e o contrato de traballo por conta allea en vigor, cun mínimo de tres meses de antelación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación (em-



presas privadas) ou o certificado de vida laboral e o documento de alta no réxime de autónomos da Seguridade Social con efectos dun mínimo de tres meses de antelación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación (autónomos/as).

7. Para acceder aos postos situados na localidade en que radique o centro de estudos ou a escola infantil en que estea matriculado un ou máis fillos ou fillas menores de dezaseis anos, sempre que a persoa solicitante non teña destino definitivo nesa mesma localidade: 0,5 puntos.

Esta circunstancia será xustificada documentalmente, xunto coa solicitude de participación no concurso.

Para os efectos do disposto nas alíneas 6 e 7, entenderase por localidade do posto de traballo do cónxuxe ou localidade do domicilio familiar tanto o concello en que efectivamente radiquen ambas como os concellos xeograficamente limítrofes con aquel.

A puntuación das alíneas 6 e 7 será outorgada con carácter alternativo e nunca acumulativo.

Para valorar o exercicio de dereitos de conciliación, os meses computaranse por días naturais de 30 días e a puntuación máxima deste apartado será de 2 puntos.

7) *Titulacións académicas*

a) Por ter unha titulación académica non universitaria superior ao título académico exixido para o ingreso no corpo de funcionarios a que pertenza o corpo a que se opte: 0.25 puntos. Por ter unha titulación académica universitaria superior ao título académico exixido para o ingreso no corpo de funcionarios a que pertenza o corpo a que se opte: 0.5 puntos.

Non se valorarán títulos académicos imprescindibles para a consecución doutros de nivel superior que se aleguen como méritos nin se valorarán os títulos académicos exixidos para ingresar no corpo de funcionarios correspondente.

A puntuación máxima na sección de titulacións académicas será de 1 punto.

Artigo 4. *Publicación e contido das convocatorias*

As convocatorias publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da institución (w.valedordopobo.gal).

Para o cómputo de prazos rexerá o da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

As convocatorias de concursos de méritos deberán conter, en todo caso, os seguintes datos e circunstancias:

a) A denominación e o número, o nivel, o corpo, o complemento específico e a localización do posto.



b) A relación de méritos específicos avaliáveis coa súa correspondente puntuación e a puntuación mínima que se deberá conseguir para optar ao posto.

Artiño 5. *Presentación de solicitudes*

As solicitudes serán presentadas exclusivamente cubrindo o formulario de solicitude en formato electrónico que figurará na páxina web da institución en cada convocatoria. As solicitudes conterán, no caso de seren varias as prazas ofertadas, a a orde de preferencia destas.

As persoas interesadas en participaren no procedemento de provisión do posto ou postos convocados deberán acceder ao formulario electrónico de participación, cubrir todos os datos que nel aparecen e, posteriormente, validalos, confirmalos, imprimir o formulario e presentalo asinado no Rexistro da institución do Valedor do Pobo ou en calquera dos lugares que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, seguindo as instrucións que lles proporcionará o sistema.

Non será admitida a concurso ningunha solicitude que for presentada por calquera outro medio que o indicado anteriormente.

Coa presentación da solicitude, as persoas participantes declaran, baixo a súa responsabilidade, que son certos todos os datos que fan constar.

Na solicitude faranse constar os datos persoais e os datos administrativos referentes á situación actual da persoa participante no concurso e os méritos que posúa e que desexe que lle sexan valorados, consonte o establecido nas bases de cada convocatoria.

Artigo 6. *Prazo de presentación das solicitudes*

As solicitudes de participación, unha vez impresas, deberán presentarse nos lugares indicados no punto anterior no prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes que fosen validadas no formulario electrónico da institución e que non se presentasen dentro do dito prazo nos lugares indicados serán excluídas do procedemento de provisión do posto ou postos convocados.

Despois de transcorrer o prazo de presentación, as solicitudes formuladas serán vinculantes para as persoas peticionarias.

Artigo 7. *Comunicación coas persoas solicitantes*

Na solicitude de participación deberase incorporar un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono válidos de contacto.

Todas as comunicacións referidas a cada procedemento de concurso, agás a presentación da documentación en orixinal ou a copia compulsada que se requira ás persoas solicitantes, serán realizadas exclusivamente a través do correo electrónico indicado na solicitude.



Artigo 8. *Listaxe de persoas admitidas e excluídas*

Tras expirar o prazo de presentación das solicitudes de participación no concurso, a valedora do pobo ditará a resolución, que se publicará na páxina web da institución, na cal se declararán aprobadas as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas.

As persoas excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, se for o caso, o defecto que motivase a exclusión.

Após transcorrer o dito prazo, a valedora do pobo ditará a resolución que aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Contra a devandita resolución poderase interpor, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, un recurso potestativo de reposición ante a valedora do pobo ou, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data e de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 9. *Comisión de avaliación de méritos*

Para valorar o cumprimento dos requisitos e os méritos achegados polas persoas solicitantes aos concursos de provisión de postos de traballo, será constituída unha comisión de avaliación, nomeada pola valedora do pobo, coa seguinte composición:

- Presidencia: a persoa responsable do Servizo de Administración e Persoal da institución.
- Vogal: unha persoa funcionaria, que designará o persoal funcionario adscrito á institución, que conte, cando menos, co mesmo nivel de titulación exixido para ingresar no corpo correspondente ao posto ofertado. Na súa falta, elixirase unha persoa funcionaria que cumpra con estes requisitos, elixida ao azar de entre o persoal que se presente para este efecto.
- Secretaría: a xefa ou o xefe da Sección de Apoio e de Transparencia.

Igualmente, nomearanse suplentes para o caso de vacante, de ausencia ou de enfermidade.

Os membros da comisión de avaliación serán publicados na web da institución no momento da convocatoria e estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Para o non disposto na convocatoria, o seu funcionamento rexeráse polo disposto na sección 3ª. Órganos colexiados das distintas administracións públicas, do capítulo II da citada Lei 40/2015.



A comisión de avaliación terá facultades para interpretar e resolver as dúbidas que xurdiren na interpretación e aplicación das bases da convocatoria e para determinar a actuación procedente nos casos non previstos. Alén diso, poderá solicitar o asesoramento de persoas expertas que colaboren na valoración dos méritos, as cales actuarán con voz, pero sen voto.

De cada reunión celebrada levantarase a acta correspondente, que será asinada polas persoas que exerzan a presidencia e a secretaría.

Artigo 10. *Puntuación dos méritos achegados polas persoas solicitantes*

Os méritos serán puntuados por medios electrónicos, en función dos datos introducidos polas persoas solicitantes no formulario electrónico habilitado para cada concurso na páxina web da institución. Despois de enviar a solicitude non poderá engadirse ou eliminarse ningún dato.

A puntuación obtida como resultado da declaración realizada por cada unha das persoas participantes será publicada na páxina web da institución.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para pór en coñecemento da institución calquera discordancia entre a puntuación obtida como consecuencia da súa declaración e a publicada na web da institución.

Após rematar o prazo citado, e de ser constatado algún erro, publicarase na páxina web do Valedor do Pobo a puntuación declarada polas persoas participantes, coas correccións que procederen.-

Artigo 11. *Comprobación dos requisitos e méritos alegados*

Logo de ser publicada a puntuación declarada polas persoas participantes, coas correccións que procederen, a comisión de avaliación requirirá, mediante correo electrónico, a documentación acreditativa dos méritos alegados ao número de persoas solicitantes que obtivesen a maior puntuación declarada, igual ao número de prazas convocadas.

O prazo para presentala será de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que a comisión remitise o correo electrónico ao enderezo indicado pola persoa solicitante.

Todas as condicións e méritos alegados deberán ser acreditados mediante a presentación de certificacións, títulos orixinais ou fotocopias compulsadas. Para o suposto de na documentación presentada existiren defectos reparables, daráselle á persoa interesada un prazo de cinco días hábiles para os corrixir.

Os datos reflectidos na solicitude electrónica de participación no procedemento serán os únicos que se terán en conta para a valoración. Calquera dato omitido non poderá ser invocado para os efectos de futuras reclamacións nin poderá considerarse por ese motivo lesionados os seus intereses e/ou dereitos.

Os méritos e os requisitos específicos para acceder aos postos deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso.



Tras recibir a documentación, a comisión comprobará a documentación presentada por cada solicitante, e modificará, se proceder, a puntuación declarada que lle corresponda de acordo coa convocatoria.

Se for corrixida, minorándose a puntuación da persoa ou persoas que presentaron a documentación, solicitarase, se proceder, a documentación á persoa ou persoas que obtivesen a maior puntuación de acordo coa puntuación corrixida, e así sucesivamente, ata que a persoa ou as persoas que obtivesen a maior puntuación teñan acreditados documentalmente os méritos alegados.

Artigo 12. *Empate na puntuación*

No caso de empate nas puntuacións, outorgarase o posto á persoa que acredite maior experiencia en postos pertencentes á institución do Valedor do Pobo ou en institucións semellantes.

De persistir o empate, acudirase para o dirimir á maior puntuación obtida nos méritos, segundo a orde establecida nos diferentes puntos do artigo 3.

En último lugar, o empate será dirimido por sorteo entre as persoas implicadas.

Artigo 13. *Resolución provisional do concurso*

A comisión de avaliación, logo de comprobar a acreditación documental das persoas con maior puntuación en número igual ao das prazas convocadas, remitirá a proposta de resolución provisional do concurso á valedora do pobo. Nela figurará, por orde decrecente, a puntuación obtida polas persoas cuxa documentación acreditativa dos méritos alegados foi comprobada; e mais, por orde decrecente, a puntuación declarada polas persoas solicitantes ás cales non se lles solicitou a presentación da documentación acreditativa.

Á vista da proposta, a valedora do pobo ditará a resolución provisional do concurso, que se publicará na páxina web da institución.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para presentaren as alegacións ou a documentación que estimen que mellor convén ao seu dereito.

A comisión de avaliación resolverá as alegacións presentadas, e modificará, de ser o caso, a puntuación que corresponda, e comunicarao mediante correo electrónico ás persoas alegantes.

Artigo 14. *Resolución definitiva do concurso*

Despois de seren resoltas as alegacións, a comisión de avaliación elevará á valedora do pobo a proposta de resolución definitiva do concurso a favor da persoa ou das persoas que obtivesen a mellor puntuación para a praza ou as prazas convocadas.

A valedora do pobo, á vista da proposta formulada, ditará a resolución definitiva en favor daquelas persoas aspirantes que obtivesen a maior puntuación.



A devandita resolución será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da institución. Contra ela poderase interpor, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data e de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 15. *Toma de posesión dos postos adxudicados para a adscrición á institución*

O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o posto de traballo de orixe radica no Concello de Santiago de Compostela ou en concellos xeograficamente limítrofes con este, ou de sete días se radica nunha localidade distinta.

O prazo de toma de posesión comezará a se contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do concurso no *Diario Oficial de Galicia*. Se a resolución comportar o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando finalizaren os permisos ou as licenzas que, se for o caso, fosen concedidos ás persoas interesadas. Nos supostos de baixa temporal ou transitoria, o cómputo do prazo iniciarase a partir da alta correspondente.

Disposición derradeira primeira

Déixase sen efecto a Resolución da valedora do pobo do 21 de xullo de 2021 (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 182, do 6 de agosto) pola que se aproban as bases xerais para as convocatorias para a provisión de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos na institución do Valedor do Pobo.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2023

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do pobo

